

NOTA INFORMATIVA

Recollida de información da Enquisa estrutural a fogares

O Instituto Galego de Estatística (IGE) comeza este luns, día 30 de abril, o proceso de recollida de información en máis de 9.200 vivendas para a próxima edición anual da 'Enquisa estrutural a fogares', que finalizará no mes de xullo e cuxos resultados estarán listos en decembro.

Esta enquisa, de carácter oficial, está incluída na Lei do Plan Galego de Estatística 2017-2021 e estase a realizar desde o ano 1999. O seu obxectivo principal é o estudo das características socioeconómicas e as condicións de vida dos fogares galegos.

O traballo de campo consistirá na recollida de información sobre unha mostra aleatoria de 9.216 fogares repartidos por toda Galicia e está previsto que participen unhas 23.000 persoas.

Ás persoas entrevistadas realizaránselles preguntas relativas á idade, nivel de estudos, situación laboral, ingresos e gastos do fogar e privación material. Ademais, este ano inclúense no cuestionario dous módulos específicos, un sobre novas tecnoloxías e outro sobre coñecemento e uso do galego.

Confidencialidade

As vivendas seleccionadas recibirán unha carta na que se lle comunicará aos interesados a obriga que teñen de facilitar os datos, tal e como establece a Lei de Estatística de Galicia, normativa que, por outra parte, garante a confidencialidade de todos os datos que lle sexan proporcionados ao IGE.

En concreto, os datos obtidos están protexidos polo segredo estatístico e tan só se poden utilizar cunha finalidade estritamente estatística.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Información enquisas: 900 102 104
FAX: 981 541 323
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>
Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estadistica
Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>